



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE ENTRADA 26/05/2011	OFICINA SERVICIOS CENTRALES 10:49:34



De acordo co disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracíons públicas e do procedemento administrativo común, xúntolle a seguinte documentación que tivo entrada neste Rexistro.

Asunto: Documentación relativa as alegacións ao proxecto do Plan hidroloxico da demarcación hidrográfica das concas do Miño, Sil e Limia.

- Documentación de referencia da FUNDACIÓN GERMÁN ESTÉVEZ (entrada núm. 2431).

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2011

O encargado do Rexistro

José María López Fraga



PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL
Secretaría Xeral
Rúa Curros Enríquez, 4-2º
32003 OURENSE



Apartado 233
Tel. 981 57 41 70 - Móvil 678 25 55 27
SANTIAGO DE COMPOSTELA
E-mail: fundacionmedio@yahoo.es


AO PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL
Secretaría Xeral
Rúa Curros Enríquez, nº 4-2º
32003 OURENSE

ALEGACIÓNS PLAN HIDROLÓXICO

O presidente da Fundación Germán Estévez para a Protección da Natureza e a Defensa do Medio Ambiente, [REDACTED], con DNI [REDACTED], a efectos de enderezo administrativo, Apartado de Correos, nº 233, en Santiago de Compostela, A Coruña, MAIL- fundacionmedio@yahoo.es, presenta as alegaciós AO PROXEXTO DO PLAN HIDROLÓXICO DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DAS CONCAS DO MIÑO, SIL E LIMIA.

En Ourense, a 19 de maio de 2011

O Presidente da Fundación,



Decreto de Interese Medio Ambiental pelo Consello de Consellais do Medio Ambiente (DOG, 3 de outubro de 1997)
Inscrita no Registo de Entidades de Acción Voluntaria da Consellería de Desenvolvemento Sustentable e da Cooperación Voluntaria.





ALEGACIÓNS AO PLAN HIDROLÓXICO MIÑO, SIL E LIMIA

SOLICITAMOS como prioritario Que na conca *miño-sil-limia* se estableza unha canle -ecolóxica- determinada técnicamente e ambientalmente e que teña sostinibilidade para mante-la vida das especies e da biodiversidade acuática. Neste senso, tamén solicitamos a paralización de novos Aproveitamentos Hidroeléctricos e que o plan de explotación da CONCA recolla os límites das concesións e posibles prorrrogas das mesmas. Entendemos que é necesario "rexeita-la venda das licencias administrativas procedentes dos aproveitamentos hidráulicos. Pedimos a revisión das disposicións normativas otorgadas en **período preconstitucionais**.

Igoalmente pedimos:

- A creación dun ÓRGANO CONSULTIVO no que os seus **dictámenes** e Informes sexan vinculantes para o bo mantenemento da conca e deste xeito conseguir unha participación pública na xestión dos recursos hidráulicos.
- A **Eliminación das obras a beira** do río Miño ou Sil que trate de construir vías de comunicación, mal chamados paseos fluviais, cargados de formigón. Mantenemento en bo estado de conservación das rotas dos pescadores e camiños naturais que están na beira dos ríos. Repoboación de especies axeitadas ao medio, chopos, avelás, freixos, amieiros, abeduis, sanguíños, quercus robur, etc. Creación de brigadas - permanentes ou temporais- de limpeza das márxes do río e de vixilancia da conca.
- A posta en funcionamento dos grupos de traballo, sempre en colaboración coas entidades locais e xerando emñego para a dinamización das aldeas dentro da área de influencia da demarcación xeográfica da Conca-Fluvial.
- A Aprobación do Plan da CONCA a través dunha resolución do Parlamento de Galicia por tratarse dun órgano representativo de todos los galegos, **¿por qué?** Unha decisión para tentar conseguir un consenso nas decisións político-administrativas establecidas con todas las forzas políticas e non adoptar decisións *ad hoc* por este ou aquel partido que se atope gobernando nun momento concreto.
- Revisión das mal chamadas escalas fluviais para que as troitas e as ánguías poidan moverse libremente nos encoros. **Exemplo:** o encoro da Frieira, as anguías non suben para desobar, no Encoro das Conchas ocorre o mesmo. Polo tanto unha urgente REVISIÓN das plataformas de cemento que se instalan a carón das márxes das presas a fin de establecer la mobilidade das especies. Pero por qué o encoro de Cachamuiña non



conta con escalas para as troitas, sería necesario establecer un protocolo de actuación.

- A RETIRADA dos refugallos das canteiras de Pizarra no polígono Industrial de Quiroga, a carón da marxe esquerda do río Sil; Limpeza da maleza das marxes do río Sil ao seu paso polo concello de Ribas de Sil, concretamente no **lugar de San Clodio**.
- Creación e sinalización dun itinerario cultural dos elementos patrimoniais que existen na CONCA Hidrográfica: **Exemplo**, Mosteiro de Santo Estevo, mosteiro de Pombeiro, mosteiro-Castelo de Castro Caldelas, mosteiro, de Santa Tecra, en A Teixeira, etc. Por último creación das rutas de interés ambiental tales como fervenzas: fervenzas do río Mao, fervenza do río Bubal, fervenza do río Arnoia, en Vilar de Barrio, fervenza do río fervenza do río Lor, en Pobra de Brollón e O Incio, fervenza de Lucenza, en Quiroga, fervenza do río Asma, no Val de Belesar, preto do río Miño, en Chantada, Río Pequeno, en O Courel, Río Dorelle en Casteligo, concello de Chandrexa de Queixa, fervenza do río Selmos, fervenza de Vieiros, en Quiroga, Rio Marce ou río de Ferreira, en Pantón, fervenza da auga caída, fervenza de San Pedro do Incio, concello do Incio, río Cabe o seu paso polo Incio, río Seara o río fócalo, en O Courel, de Quiroga ata a aldea da Seara, en Carballedo, fervenza do río Búbal, fervenza do río A Porteliña, en A Fonsagrada, lugar de Vilagocende, fervenza do río Cerves e pozas de Melón, en Melón, en Ourense, fervenza de Fírvida, a Forxa, no lugar de Porqueira, en Ourense,etc.



HIPER EXPLOTACIÓN DA CONCA

- 1.- Paralización da Ampliación do proxecto da *presa* dos PEARES II, no Sil, en Os Peares, en Ourense .
- 2.- Paralización do proxecto de petición do encoro a través dunha balsa con bombeo de caída da auga, en Santa Cristina, no lugar de Parada de Sil, *Río Sil*, en Ourense.
- 3.- Paralización do Proxecto de *ampliación da presa* de Belesar, en Chantada-Ribas de Miño, val de Belesar, conca do río Miño, provincia de Lugo.
- 4.- Maior rigor nos informes de Impacto Ambiental e na Declaración de Impacto Ambiental (DIA);uns informes que sexan redactados por órganos técnicos e independentes. A posible solución estaría en que os Informes foran otorgados mediante concurso público.
- 5.- Necesidade de establecer control sobre elementos externos das obras, véase a infraestructura de hormigón que está anclada nunha zona **LIC**, preto da presa de Santo Estevo, estrada que guía desde a ponte dos Peares ata a aldea da Chaira, en Nogueira.
- 6.- Necesidade de soterramento dos cableados de alta tensión de Red Eléctrica de España (REE) e Iberdrola e Fenosa teñen a carón dos Canóns do Sil e preto do Mosteiro de Abeleda, en A Teixeira e Mosteiro de Santo Estevo, en Nogueira e Castelo de Castro Caldelas, e no interior da Fraga de Xan Xoán de Río e A Pobra de Trives, declarada Paisaxe protexido, un dos primeiros lugares con interés ambiental e Paixaxístico de Galicia: http://www.turgalicia.es/sit/ficha_datos.asp?crec=9616&ctre=1112&cidi=G
- 7.- **O souto de Rozabales en Manzaneda**, un Lugar de Interés Comunitario, LIC e de alto valor natural atravesan liñas eléctricas de alta tensión; sería necesario un



soterramento do coableado a fin de evita-lo impacto paisaxístico e ecolóxico e dano ambiental producido polo tendido as especies silvestres que habitan na zona http://www.turgalicia.es/sit/ficha_datos.asp?crec=17015&ctre=1112&cidi=G

8.- En Chandrexá de Queixa e Montederramo igoalmente soterra-los tendidos de alta tensión que impactan coa natureza e cos núcleos tradicionais rurais. No entorno do Mosteiro de Montederramo (Macizo Central) o número de liñas de alta tensión presenta un estado de alarma social e de impacto visual e paisaxístico que é necesario correxir. http://www.turgalicia.es/sit/ficha_datos.asp?crec=17001&ctre=1112&cidi=G

Canles ecolóbicas e zonas húmidas

No que respecta a dotación de canles ecolóbicas é necesario que o Plan precise o que xurídicamente podemos entender como “canles clasificados de ecolóbicos e de sostentables para o medio e os hábitats”. O *plan* entendemos que presenta unha definición legal ambigua e con lagoas procesuais. **Aquí PEDIMOS e SOLICITAMOS:**

- Unha definición mediante unha redacción clara, segundo a norma lexislativa de pesca sectorial de Galicia. Lei 6/2009 e a *Lei básica de aguas impulsada pola Administración xeral do Estado, 1985*, “concreción no contido da canalización ecolóbica”. PEDIMOS CONCRECIÓN NOS CÁLCULOS mínimos e fixos que o río da conca cede despois do encoro da auga embalsada para seguir mantendo o ecosistema a súa vida natural. A vertedura de auga ao canle ecolóbico non podemos entender como secado da conca. Uns feitos que ocorreron hai uns meses -2009 e 20010- por parte da empresa Iberdrola, S.A., con sede fiscal en País Vasco e sede executiva-operativa en Madrid, para taladrar e perfora-las paredes do río Sil, máis datos sobre tales aberracións urbanísticas que foron recollidas polo xornal - diario El País, edición de Galicia: http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Iberdrola/seca/tramo/rio/Sil/ampliar/central/hidraulica/elpepiautgal/20090716elpgal_5/Tes
- Máis claridade no aspecto xurídico e técnico de aplicación do verquido ecolóbico, na saída da presa ou do encoro cando a auga está encorada. Capacidad de Almacenamento e unha regulamentación sobre a operatividade do uso. Non podemos acumular nun encoro millóns de hectolitros de auga cando para o uso industrial –funcionamento da central hidroeléctrica- non é necesario tanto movemento de auga. Pedimos maquinaria e medios técnicos más actualizados –modernos- nas centrales hidroeléctricas para que o seu funcionamento sexa más compatible co medio ambiente e deste xeito os recursos naturais produzcan menor efecto negativo.
- A canle ecolóbica para facer viable a vida das especies nas zonas húmidas pero ¿cál e e cás son as árees húmidas da conca Miño, Sil, Limia, Bibei, Cabe, Lor, Arnoia, Cenza, Xares, Río Navea-Queiza, Río Vilaza, Río Támega, Río Ourille, Caldelas, Loña, Río Maceda, Río Asma, Río Barbadás, Reixa, Río Mao, entre outros? Pedimos unha ***catalogación das áreas e zonas húmidas*** a fin de establecer uns catálogos de referencia sobre o seu uso e funcionalidade.
- Ante isto a necesidade de creación en colaboración coas entidades protectoras do medio ambiente e entidades locais –concellos- das zonas húmidas e de lagoas naturais para preservar e conservar os medios faunísticos e piscícolas existentes.





Exemplo: Lagoa de Antela, Charcas e Areeiras da Limia (Xinzo de Limia) ou val do Regato de Fechichas, en Celanova.

- Unha plan para unha *boa xestión e canalización da auga* da Conca. Este Plan debe contar cun equipo de seguimento formado por técnicos e por membros das entidades locais. Neste PLAN de canalización e de aproveitamento regula-lo mesmo a través de *Declaración de Impacto Ambiental* (DIA) e Informe Ambiental, ambos textos que sexan redactados por persoal da Universidade de Vigo ou de Santiago ou ben convenios interuniversitario das tres institucións académicas.
- A Petición pretende que o órgano que instrumentalice a DIA ou Informe Ambiental sexa o máis independente posible para que a obra conte con garantías xurídicas e técnicas na súa aplicación. En concreción unha análise científico e ecómico sobre a obra e a repercusión de coste ecolóxico no medio ambiente.
- Planificación das grandes obras de aproveitamento hidráulico e fixación dos aproveitamento desde a primeira concesión ata un máximo de 12 anos. Non se pode hipotecar a 100 anos as concesións hidroeléctricas e a súa vez que as mesmas poidan ser transmisibles para un negocio do titular da explotación. O *Plan debe limita-los aproveitamentos* e regula-las transmisións das concesións administrativas: **Exemplo:** Saltos do Sil, concesión –preconstitucional- do encoro dos Peares, Sil e Cabe, hoxe é explotado por Iberdrola. Central de Ponte Novo, río Bibei, Fenosa, hoxe explotado por Gas-Natural-La Caixa. Revisión da Lei de Augas do 1985, no referente ás concesións de 75 anos ata un máximo de 12 anos revisable.
Aplicación do *Libro Blanco da Auga*, apartado 4.2.6. cando explicita que “é necesario establecer prudencia e rigor técnico na xestión da auga”. O libro incide na transparencia nunha política hidrolóxica de consenso, de participación pública e de calidade na saúde dos nosos ecosistemas. Unha apreciación importante debido a SATURACIÓN DE APROVEITAMENTOS E DE ENCOROS DA CONCA MIÑO-SIL-LIMIA. Non podemos camiñar ante un DSEQUILIBRIO HIDROLÓXICO SENÓN CARA A UN EQUILIBRIO NATURAL.
- Evaluación dos costes ambientais de cada un dos proxectos que están en funcionamento e dos proxectos futuros en relación aos aproveitamentos hidráulicos.

PLANS DE COORDENACIÓN DA CONCA MIÑO-SIL-LIMIA

- *Creación dun órgano consultivo* para levar a cabo actuacións en relación a funcionalidade e seguimento da xestión da Conca Fluvial. O órgano consultivo estaría composto por lugareños, administración local, administración provincial, comunidade autónoma, administración do Estado, Universidade de Vigo e Ecoloxistas.
- *Coordinación entre a administración da Conca a Administración do Estado a administración Local e a Comunidade Autónoma* a fin de buscar unha coordinación óptima e eficiente en busca dunha rendabilidade de sostenibilidade ambiental. En todo caso, colaborar con outras políticas sectoriais da Comunidade



Autónoma nun marco de equilibrio ecolóxico dentro do dominio público hidráulico. Aquí se trataría a creación de novos aproveitamentos e a posta en funcionamento de zonas especiais de alto valor ecolóxico. Igoalmente neste apartado *de colaboración no referente ao uso dos CAUDALES ECOLÓXICOS*, marcados na Lei 10/2001, de 5 de xullo do Plan Hidrolóxico Nacional e que atribúen unha corresponsabilidade aos PLANS DA CONCA, entón, a necesidade de buscar unha coordinación entre tódalas AAPP e que a conca Intracomunitaria estea ao mesmo nivel que as levadas a cabo nos plans sectoriais. Coordenación coa FISCALÍA DE MEDIO AMBIENTE DE GALCIA, as denuncias por atentados contra o medio ambiente que sexan tramitadas a través da Fiscalía, por certo, nestes últimos anos a colaboración foi NULA.

- *Creación de RESERVAS ECOLÓXICAS* nos treitos finais da Conca polo seu valor ambiental e natural, onde as masas de auga forman illas e polo tanto acumúllase unha alta densidade de especies piscícolas.

XESTIÓN DA AUGA PARA O USO DE TURISMO NAÚTICO

. A conca Miño-Sil-Limia ten unha implantación turística de gran impacto económico na bisbarra da Ribeira Sacra. Realmente, en época de verán é necesario que o órgano instrumental da Conca establezca o caudal mínimo navegable de xeito regulamentario e non a *criterio medieval de libre albedrío* por parte da empresa concesionaria da explotación do encoro.

Exemplo: As obras da ampliación da presa de *Santo Estevo* tiveron preto de dous veráns -2010 e 2011- en dique seco ao embarcadoiro de Sober e o embarcadoiro da Chaira, en Nogueira de Ramuín por falta de auga. Unha situación que é necesario dárlle seguridade xurídica e establecer un principio de regulamento onde se recollan unhas obrigas para que o empresario non tente “blindar ou secuestra-lo” río como se fose un *ben natural privado*.

-Unha xestión que estaría baseada nunha **exploación racional e mantendo** o mesmo tempo un equilibrio ecolóxico nos sistemas hidráulicos da conca hidrográfica. Levar a cabo un estudio económico sobre cada un dos ENCOROS e a súa necesidade de restrinxi-lo seu aproveitamento en aras de conseguir un menor impacto visual, paisaxístico e natural en cada unha das comarcas afectadas.

PLANTAS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDÚAIS

Investimento en plantas de **depuración** en convenio con tódolos entes implicados desde a administración municipal, administración e xestión da conca e a respectivo ente público autonómico de augas. Unha necesidade de conseguir unha boa calidade na oferta de auga e a calidade na auga que transporta os ríos e regatos. Establecer **convenios coas** entidades locais para sanea-los verquidos, mediatne planta de Depuración e rematar así cos verquidos directamente ao río.

REXENERACIÓN DE CONCAS FLUVIAIS

. A **forestación de especies** de ribeiras que sexan acordes con cada un dos treitos de río. Uns investimentos establecidos **nun plan a 15 anos**. Reposición de especies enfermas tales como chopos, avelás ou bidueiras. NON aos paseos fluviais cortando a matarrasa as especies existentes. NON aos paseos fluviais con cemento. Os paseos



deben ser naturais ao carón da liña de servidume que establece a propia Lei de Augas do 1985.

Hai que destacar que todas estas actuacións poden causar efectos regresivos na biodiversidade e na flora e na fauna, polo tanto, deben executarse cunha finalidade de búsca-lo menor impacto no medio posible.

Creación de Brigadas de mantenemento das CANLES e das BEIRAS dos ríos dentro do Plan Hidrolóxico de **Rexeneración** en colaboración coa entidade local a fin de xerar emprego no ámbito do entorno da Conca Miño-Sil.

Aquí é necesario establecer un plan para inventaria-los árbores que están enfermos debidos ao fungo que está a debilita-las especies tales como Amieiros no río Arenteiro e Maraño ao seu paso polo concello de Carballiño ou o río Loña, ao seu paso polo concello de Nogueira de Ramuín.

O obxectivo da rexeneración é mante-la productiva das áreas de ribeira a fin de evita-la sua degradación. O mantenemento e a recuperación dos regatos e acuíferos e os humedais existentes.

Por último, con relación a poboación das aldeas e parroquias que residen preto dos ríos é necesario establecer protocolos de dinamización dos traballos agrarios para xerar postos de traballo e o mesmo tempo mantenemento de charlas e de conferencias para que os lugareños sentan o río e a auga como parte do seu patrimonio e dunha riqueza de futuro a conservar e preservar.

EN RESUME:

1.- Definición Real de Caudal:- O plan como xa citamos anteriormente non define para as masas de auga conceptos de caudal ecológico máximo, caudal xerador e tasa de cambio en masas estratégicas ou ben de especial interés, deixando tal concepto xurídico a decisión da Confederación Hidrográfica. Un criterio importante que debe quedar definido e concretizado no mesmo Plan.

2.- Programa de Control e estado das masas de auga.- O plan fala sobre as diferentes medidas e da necesidade de implementar novas ESTACIONS de CONTROL en diferentes masas de auga da Demarcación Hidrográfica, pero o documento non concretiza, datas, orzamentos, planificación territorial, ubicación estratégica, etc. Exemplo: Presa de Vilasouto, Regadio de Val de Lemos, en Monforte, en Lugo, un encoro que sofre problemas cíclicos de contaminación. Sería importante unha reparación é unha mellora para establecer un proceso de control serio e de garantías.

3.- En relación ao estado hidromorfológico das masas de transición. Sería necesario unha definición xurídica e unha concreción técnica.

4.- Comunidade de Regantes. Igoalmente sería conveniente definir e analiar un custe para o uso da auga. O mesmo ocorre co chamado plan de sequía. Se analiza moi descriptivamente o Plan e as zonas, pero, descoñecemos as medidas que se van a tomar en caso de sequía ou de producirse inundacións na conca hidrográfica.

5.- Evaluación da hábitat refuxio. Un estudio que non concretiza as fontes onde nacen os cálculos. Hai unha somera indicación, en relación á velocidade da masa da auga en función da capacidade *natatoria* de cada unha das especies que habitan na zona. Aquí, descoñecemos se tal cálculo medio é para unha sóa especie ou ben un promedio do conxunto da fauna existente. En fin, pouco claro a definición técnica é a redacción confusa e inadecuada.

